



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Tradución especializada idioma 2: Científica-técnica: Francés-Español

Materia	Tradución especializada idioma 2: Científica-técnica: Francés-Español			
Código	V01G230V01950			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua de impartición	Castelán Francés Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Garrido Vilariño, Xoán Manuel			
Profesorado	Fernández Pintelos, María José Garrido Vilariño, Xoán Manuel			
Correo-e	garrido@uvigo.es			
Web	<a href="http://www.galego-on.com/">http://www.galego-on.com/</a> <a href="http://paratraduccion.com/limiares/">http://paratraduccion.com/limiares/</a>			
Descrición xeral	O obxectivo principal desta materia é que o alumnado desenvolva a capacidade de traducir profesionalmente textos científicos e técnicos de diversos xéneros textuais, ámbitos e graos de especialización. Fomentarase, para iso, o coñecemento das estratexias e ferramentas necesarias para detectar, analizar e resolver problemas tradutolóxicos presentes en textos científico-técnicos.			

## Competencias de titulación

Código	
A2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
A3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
A4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
A8	Destreza para a procura de información/documentación
A14	Dominio de ferramentas informáticas
A17	Capacidade de tomar decisións
B1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
B2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
B5	Coñecementos de informática aplicada
B6	Capacidade de xestión da información
B7	Toma de decisións
B12	Traballo en equipo
B15	Aprendizaxe autónoma
B22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica

## Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Coñecer e poder diferenciar os xéneros textuais máis relevantes do discurso científico-técnico.	A4 A8 A17	B2 B7 B15 B22
Adquirir coñecementos sobre a terminoloxía e as estruturas léxicas e morfosintácticas propias do discurso científico-técnico.	A3 A4 A8 A17	B1 B2 B6 B15 B22

Desenvolver a capacidade de recoñecer no texto de partida aqueles termos, estruturas, trazos textuais ou culturais que se revelarán problemáticos á hora de realizar a tradución.	A2 A4 A8	B2 B7 B15 B22
Fomentar a capacidade de detectar e analizar de forma autónoma e adecuada dificultades tradutolóxicas, así como aplicar as estratexias precisas para a súa resolución no marco da tradución dun texto científico-técnico.	A4 A8 A17	B1 B2 B5 B6 B7 B12 B15
Coñecer os recursos terminolóxicos e documentais máis utilizados no ámbito da tradución científico-técnica para solucionar as dificultades atopadas durante o proceso tradutivo.	A4 A8 A14 A17	B5 B6 B7 B12 B15 B22

## Contidos

Tema	
1. Introducción ao discurso científico-técnico. Esta parte será impartida polo profesor Xoán Garrido Vilariño.	1.1. Características do discurso científico-técnico. Diferenciación entre tradución científica e técnica. Principais características lingüísticas dos textos científico-técnicos 1.2. Competencias do tradutor científico-técnico: Coñecementos sobre o campo temático, utilización correcta da terminoloxía especializada, competencia nos xéneros característicos e capacidade para documentarse 1.3. Terminoloxía e fraseoloxía. O termo no texto especializado. Estructuras terminolóxicas 1.4. Xéneros textuais. Concepto de xénero. Tipoloxía de textos médicos e técnicos
2. Recursos e fontes documentais para a preparación dun encargo de tradución científico-técnica francés-español. Esta parte será impartida pola profesora María José Fernández Pintelos.	2.1. Adquisición de coñecementos sobre o campo temático 2.2. Procura de terminoloxía e fraseoloxía específicas 2.3. Competencias do tradutor científico-técnico: Coñecementos sobre o campo temático, utilización correcta da terminoloxía especializada, competencia nos xéneros característicos e capacidade para documentarse 2.4. Ferramentas de documentación para o tradutor científico-técnico: dicionarios, glosarios, bancos de datos, corpus, thesaurus, documentación científico-técnica. 2.5. Etapas da elaboración dunha tradución científico-técnica. Principais dificultades da tradución científico-técnica. 2.6. Revisión e corrección de traducións científico-técnicas 2.7. Mercado laboral da tradución técnica e científica. Situación e requisitos profesionais.

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1.5	0	1.5
Sesión maxistral	10	20	30
Traballos de aula	33.5	57	90.5
Traballos e proxectos	0	6	6
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	1.5	15	16.5
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	1.5	4	5.5

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Sesión presencial na que se presentan os contidos da materia, a metodoloxía seguida, así como os obxectivos que se pretenden alcanzar e o sistema de avaliación que se empregará.
Sesión maxistral	Exposición dos contidos teóricos da materia por parte dos docentes.
Traballos de aula	a) Traballos tutelados, en grupo ou de forma individual, en condicións controladas, ben en forma de exercicios que permitirán a aplicación práctica da teoría vista en clase, ben en forma de traducións realizadas na aula ou traducións preparadas con anterioridade e corrixidas na aula. b) Emulación dun encargo real de tradución científico-técnica.

## **Atención personalizada**

<b>Metodoloxías</b>	<b>Descrición</b>
---------------------	-------------------

Traballos de aula	Prestarase ao alumnado atención personalizada tanto dentro como fóra da aula, de forma presencial ou telemática. Con este fin, habilitarase o uso da plataforma Faitic para facilitar o seguimento do curso
-------------------	---

## **Avaliación**

	<b>Descrición</b>	<b>Cualificación</b>
Traballos e proxectos	Outros traballos de tipo práctico e encargos de tradución realizados durante o curso	40%
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Exame realizado na aula consistente na tradución dun texto científico-técnico. Crítica de traducións científicas.	40
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Proba sobre os contidos teóricos da materia.	20

## **Outros comentarios sobre a Avaliación**

Os alumnos deberán decidir ao principio do curso se optan pola avaliación continua ou a avaliación única. Para acollerse á avaliación continua, é necesario asistir ao 80% das clases (salvo en casos excepcionais a criterio dos docentes), a entrega da ficha durante as dúas primeiras semanas de clase e a entrega dos traballos nos prazos e segundo as condicións establecidas polos docentes. En calquera das formas de avaliación é necesario aprobar o tres partes para aprobar a materia. Para aquelas persoas que non sigan a avaliación continua, do mesmo xeito que para aquelas que teñan que presentarse á segunda convocatoria, a avaliación consistirá nun exame presencial sobre os contidos teóricos da materia (20% da nota), un encargo individual de tradución (40%) e un exame de tradución realizado na aula (40%). As datas dos exames serán:

Avaliación continua: 4 de maio 2015, ás 11:00 (tradución+proba de contido teóricos+entrega de encarga).

Avaliación única: 4 de maio 2015, ás 11:00 (tradución+proba de contido teóricos+entrega de encarga).

Penalizarase con suspenso calquera tipo de plaxio.

## **Bibliografía. Fontes de información**